



SOLICITUDE DA XORNADA
LECTIVA ESCOLAR EN SESIÓN
ÚNICA DE MAÑÁ

ABANQUEIRO – BOIRO
CURSO 2013-214

PROXECTO pedagógico – didáctico

Xornada lectiva en sesión única de mañá

Índice

1.- Introducción:.....	3
2.- Obxectivos:.....	4
3. - Organización do Centro:.....	6
3.1 Agrupamento do alumnado.....	6
3.2 Organización de profesorado.....	6
3.3 Horarios	10
4. Actividades Extraescolares.....	12
5. Acción Titorial.....	16
6. Servicio de Transporte.....	17
7. Servicio de comedor.....	18
8. Conclusións.....	19

1.- Introducción:

No presente curso escolar, e a petición dos representantes de pais/nais de alumno/as presentes na reunión do Consello Escolar do 17 de decembro de 2013, iniciamos o proceso para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá para o vindeiro curso 2014/2015, polo que se decide facer a solicitude da devandita xornada segundo recolle a *Orde do 29 de maio de 2008* que regula o procedemento para a implantación da xornada lectiva única de mañá nos centros de Educación Infantil e Primaria.

Trátase dun centro de Educación Infantil e Primaria.

Datos legais : Código 15001367

Nome: CEIP Abanqueiro

Dirección: Rúa Exipto 108

Código Postal: 15938

Localidade: Abanqueiro

Concello: Boiro

Provincia: A Coruña

Teléfono: 981.848186 Fax:981 847640

Páxina Web: <http://www.ceipabanqueiro.com>

Correo electrónico: ceip.abanqueiro@edu.xunta.es

C.I.F.: Q-6555777-I

Número Unidades:

Educación Infantil: Catálogo 3 – Funcionan 3

Educación Primaria: Catálogo 6- Funcionan 6

TOTAL: Catálogo 9 – Funcionan 9

Número Postos de Traballo:

Filoloxía Inglesa: Catálogo 1 – Funcionan 1

Filoloxía Francesa: Catálogo 1 – Funcionan 0

Educación Musical: Catálogo 1 – Funcionan 1

Educación Física: Catálogo 1– Funcionan 1

Pedagogía Terapéutica: Catálogo 1 – Funcionan 1

Audición e Linguaxe: Catálogo 0 – Funcionan 1 (compartido ao 50%)

Orientación: Catálogo 1 – Funcionan 1 (compartido ao 50%)

Educación Relixiosa: Catálogo 1 – Funcionan 1

Educación Infantil: Catálogo 4 – Funcionan 4

Educación Primaria: Catálogo 5 – Funcionan 6

TOTAL: postos de traballo en funcionamento: **17**

Número de alumno/as/as:

Educación Infantil: 36

Educación Primaria: 103

TOTAL: 139 alumno/as

Nº de alumno/as Transportados/as:

Educación Infantil: 11

Educación Primaria: 67

TOTAL: 78 alumno/as

Nº de alumno/as usuarios/as comedor:

Educación Infantil: 11

Educación Primaria: 32

TOTAL: 43 alumno/as

Prazas ofertadas alumnado comedor: 43

2.- Obxectivos:

Motivos que xustifican a toma desta decisión:

- O profesorado entende que a implantación de dita xornada favorece a consecución dos obxectivos recollidos no Proxecto Educativo de Centro, especialmente aqueles que fan referencia a adquisición de hábitos enriquecedores para o tempo de ocio.
- Favorecería en todo momento a formación dos propios docentes.
- Esta xornada evitaría as perdas innecesarias de tempo, diminuíría o número de desprazamentos ó centro, sobre todo do alumnado de menor idade, que debe ser acompañado polos pais, nais, titores... especialmente ó mediodía e racionalizaría o horario escolar, adaptando en maior medida os horarios máis comúns nas familias e facendoos coincidir cos dos irmáns (IES).



- Á mañá, traballo académico. Á tarde, adicala ó estudio persoal, lecer, actividades culturais e deportivas e todas aquelas outras actividades que o contorno lle ofrece para lograr unha formación integral.
- Facilitaría tamén a adaptación do alumnado e a mellora do seu rendemento na súa incorporación ós IES, favorecendo a creación de hábitos para aproveitar axeitadamente o tempo libre.
- Rendabilizar ó máximo medios e instalacións existentes no centro (biblioteca, ludoteca, ximnasio, pavillón polideportivo).
- O horario escolar é máis proveitoso dende o punto de vista pedagóxico (houbo algún pai/nai que opina o contrario), porque comprende as horas do día de maior rendemento e non está demostrado que a fatiga dos alumno/as/as sexa maior na xornada continuada que na xornada partida.
- Posibilidades de formarse en outras actividades: conservatorios de música, escola de idiomas, informática, danza, actividades deportivas,...xa que coa xornada única terán máis tempo para desprazarse a onde se ofrecen este tipo de actividades.
- Fomentar e favorecer a coordinación e cooperación entre o colexio e os servicios comunitarios (concello, asociacións culturais, ...) por incidir ambos na formación e desenvolvemento integral dos alumno/as.
- Favorecer un maior uso da biblioteca escolar como espacio de aprendizaxe e de entretemento (lectura, promoción da lectura, traballos de investigación, ...).
- Favorecer a convivencia ó participaren en actividades grupais con nenos e nenas doutras idades, habituándose á colaboración, ó respecto e á tolerancia.

No ámbito familiar:

- Maior convivencia.
- Os nenos/as poden colaborar nas tarefas do fogar.
- Coinciden os horarios de todos os irmáns.

3. - Organización do Centro:

3.1 Agrupamento do alumnado

4. Número de alumno/as por etapas e niveis			
ETAPA	NIVEL		
EDUCACIÓN INFANTIL	3 ANOS (4º)	4 ANOS (5º)	5 ANOS (6º)
	15	7	14
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
	35	40	28

ED. INFANTIL	3 ANOS (4º)	4 ANOS (5º)	5 ANOS (6º)
	3 anos	4 anos	5 anos
	15	7	14

EDUCACIÓN PRIMARIA	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
1º CURSO	1º	3º	5º
Nº alumno/as	10	19	13
2º CURSO	2º	4º	6º
Nº alumno/as	25	21	15

3.2 Organización de profesorado

A coordinación do profesorado é fundamental no funcionamento do centro para consecución duns obxectivos comúns; por iso é necesario unha coordinación pedagóxica en materia de programación, avaliación e recuperación de alumno/as/as.



Todo o profesorado coordinarase a través de reunións de claustro, departamentos...e levará a cabo a atención ós/ás pais/nais, durante a tarde dos martes.

Os equipos de ciclo, de acordo co Plan Xeral Anual e Claustro de profesores, elaborarán a programación vertical para cada área (adaptada ao alumno/as/as e ó contorno) para os distintos ciclos; avaliarán periódicamente os resultados da súa aplicación, establecendo as medidas correctoras que procedan; deseñarán, elaborarán e proporán a adquisición de material didáctico que precise o centro; proporán a adopción de libros de texto máis axeitados para a aplicación da programación elaborada; propoñerán asemade á Administración educativa a organización de actividades de actualización didáctica do profesorado.

Equipo directivo

O presente curso académico o Equipo Directivo, estará formado por:

Director: Carlos Suárez Gago.
Xefa de Estudos: M^a Teresa Otero Domínguez.
Secretario: Juan M. Lago Lestón.

Compoñentes do Consello Escolar

Equipo Directivo:

- Director
- Xefe de Estudos
- Secretario

Representantes dos mestres:

- M^a Carmen Lorenzo Ouviaña.
- Francisca García Merino.
- Olga Mato Creo.
- Verónica Triñanes Rial.
- Marisela Gutiérrez Villanueva.

Representantes dos pais:

- Rosa Tubío Piñeiro.
- María Dolores Fernández Triñanes.
- M^a Paz Riveiro Vicente.
- M^a Jesús Gómez Fernández.
- Carmen M^a Castro Rosendo.



Representante do Concello:

- M^a José Lorenzo Ouviaña.

Representante do persoal non docente:

- Irene Tubío Torrado.

Comisión pedagóxica

Director	Carlos Suárez Gago.
Xefa de Estudos	María Teresa Otero Domínguez
Coordinadora Ed. Infantil	Maica Lorenzo Ouviaña.
Coordinadora 1º Ciclo de Primaria	Raquel García Castelo.
Coordinadora 2º Ciclo de Primaria	Paula Varela Manso.
Coordinador 3º Ciclo de Primaria	Olga Mato Creo.
Representante Equipo D. L	Verónica Triñanes Rial.
Rep. Equipo Act. Extra. e Comp.	María Mosquera Rodríguez.
Orientadora	Dolores Reboredo Nogueira.

Claustro de Profesores:

O Claustro do centro estará constituído polos profesores que se relacionan, e entre os obxectivos de dito órgano cabe salientalos seguintes:

- Ser partícipes da organización, xestión e decisión de todas as actividades desenvolvidas no centro.
- Consensuar todas as actuacións a realizar.
- Informar de todas as cuestións que poidan resultar de interese para a comunidade educativa.
- Intentar crear un ambiente propicio de traballo, baseado na transparencia, igualdade de trato, respecto e colaboración.

ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Mestres/as titores/as.

		EDUCACIÓN INFANTIL
2º CICLO	3 anos A	Maica Lorenzo Ouviaña
2º CICLO	4 anos	Raquel Romero Figueira
2º CICLO	5 anos	Verónica Triñanes Rial
		EDUCACIÓN PRIMARIA
1º CICLO	1º	Raquel García Castelo
	2º	Jesús Blanco Lado
2º CICLO	3º	Joaquina Martínez Paz
	4º	Mª Teresa Otero Domínguez
3º CICLO	5º	Olga Mato Creo
	6º	Mª José Bermúdez Piñeiro

Profesorado especialista.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	JUAN MANUEL LAGO LESTÓN
AUDICIÓN E LINGUAXE	MARIA MOSQUERA RODRÍGUEZ
ORIENTACIÓN	DOLORES REBOREDO NOGUEIRA
EDUCACIÓN RELIXIOSA	MIRIAM PÉREZ VIDAL
EDUCACIÓN FÍSICA	OLGA MATO CREO
EDUCACIÓN MUSICAL	PAULA VARELO MANSO
INGLÉS	FRANCISCA GARCÍA MERINO

3.3 Horarios

(Sempre que se manteña o horario autorizado pola Consellería na pasada solicitude. caso contrario realizaríanse as modificacións pertinentes)

Tempos de recreo

Tendo en conta que a actual normativa establece 30 minutos de recreo por cada 3 horas de docencia, consideramos que a 5 horas de docencia lle corresponderá un máximo de 40 minutos de recreo. E en base a esto establecemos, con carácter xeral, un horario de clases no que os tempos de recreo (nos que haberá turnos de profesores que se encargarán da vixilancia dos alumno/as) irán distribuídos da seguinte forma:

Primeiro: Haberá tres sesións de 55 minutos cada unha, ás que lle seguirán un tempo de recreo de 30 minutos. Despois deste tempo de recreo haberá 15 minutos adicados o Plan Lector, logo outras 2 sesións de clases, unha de 55 minutos seguida dunha última sesión de 50 minutos.

De luns a xoves: De 9:30 a 14:45

	1ª Sesión	2ª Sesión	3ª Sesión	Recreo	Plan Lector	4ª Sesión	5ª Sesión
Horario	9:30 a 10:25	10:25 a 11:20	11:20 a 12:15	12:15 a 12:45	12:45 a 13:00	13:00 a 13:55	13:55 a 14:45
Duración	55	55	55	30	15	55	50

Venres: De 9:30 a 13:30

	1ª Sesión	2ª Sesión	3ª Sesión	Recreo	4ª Sesión	5ª Sesión
Horario	9:30 a 10:15	10:15 a 11:00	11:00 a 11:45	11:45 a 12:10	12:10 a 12:50	12:50 a 13:30
Duración	45	45	45	25	40	40

Con esta distribución horaria tratamos de conseguir para todos os alumno/as do centro e para os seus profesores unha boa relación entre os tempos de actividades lectiva e os tempos de recreo, procurando que o aproveitamento escolar sexa o mellor posible e non se vexa prexudicado por factores como o cansanzo.



Semanas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	1º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	Todo o profesorado 16..00 outras actividades Reunións Ciclos 17.00 Reunións 18.00 Tutorias e Orientación	2º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión nivel	3º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión de nivel	2º ciclo infantil 15.30 a 17.30 atención biblioteca ludoteca Reunión de nivel
2ª	2º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión nivel	Todo o profesorado 16..00 outras actividades Reunións Ciclos 17.00 Reunións 18.00 Tutorias e Orientación	3º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión de nivel	2º ciclo Infantil 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	1º Ciclo Primaria 15.30 a 17.30 atención biblioteca, ludoteca Reunión nivel
3ª	3º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión de nivel	Todo o profesorado 16..00 outras actividades Reunións Ciclos 17.00 Reunións 18.00 Tutorias e Orientación	2º ciclo Infantil 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	2º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca ludoteca Reunión nivel	3º Ciclo Primaria 15.30 a 17.30 atención biblioteca, ludoteca Reunión nivel
4ª	2º ciclo Infantil 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	Todo o profesorado 16..00 outras actividades Reunións Ciclos 17.00 Reunións 18.00 Tutorias e Orientación	1º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	3º Ciclo Primaria 16.00 a 18.00 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel	2º ciclo Primaria 15.30 a 17.30 atención biblioteca, ludoteca Reunión de nivel



4. Actividades Extraescolares

Dentro das actividades extraescolares a desenvolver pola tarde que se pretenden levar a cabo durante o curso 2014/ 2015 polo CEIP Abanqueiro, ANPA, Concello de Boiro e outras asociacións culturais e deportivas estarían as seguintes e coas seguintes características:

Características:

- As actividades que se propoñen para desenvolver en horario de tarde, tentarán conseguir un maior aproveitamento do tempo de lecer e así contribuirán a mellorar a formación integral do alumnado do centro. Neste senso tentarase que as mesmas inclúan, na maior medida do posible aqueles aspectos que se considera que non están suficientemente desenvolvidos nos programas escolares.
- Deberán respecta-las necesidades que os alumno/as teñen en relación co xogo, o descanso e a convivencia familiar, e na súa programación atenderán de xeito ineludible ás características físicas e evolutivas do alumnado.

Ademais das anteriores terán tamén as seguintes características:

- Serán de carácter voluntario.
- Estarán abertas á totalidade do alumnado.
- Deberán ser acordes co proxecto educativo de centro.
- Serán recollidas e aprobadas xunto coa Programación Xeral Anual.
- Deberán garantir a súa continuidade ó longo do curso escolar.

Profesorado

Os/As profesores/as serán os encargados/as de supervisar e controlar que o desenvolvemento das actividades extraescolares se axuste ó plan incluído neste proxecto pedagóxico.

Asemade dende no centro promoveráse:

- Todas as tardes agás os martes: Biblioteca.

SEMPRE QUE TEÑAMOS alumno/as FAREMOS :

- Taller de teatro e interpretación en inglés (profesora de inglés).



Escolas deportivas municipais:

As actividades que facemos destinadas a rapaces/zas das que se poderían beneficiar os alumno/as do cole de Abanqueiro no caso de ter xornada única serían as seguintes:

Educación Física BASE I

Idades: rapaces/zas de 3 e 4 anos
Datas: do 9 de outubro ao 30 de maio
Lugar: Pavillón municipal de Barraña
Horarios: martes e xoves, das 16:30 h. ás 17:20
Inscripción: 50 Euros/curso.

Educación Física BASE II

Idades: rapaces/zas de 5 e 6 anos
Datas: do 9 de outubro ao 30 de maio
Lugar: pavillón de Barraña
Horarios: martes e xoves, das 17:20 h ás 18:10
Inscripción: 50 Euros/curso.

Predeporte

Idades: rapaces/zas de 7 e 8 anos
Datas: do 9 de outubro ao 30 de maio
Lugar: pavillón de Barraña
Horarios: martes e xoves, das 18:10 h ás 19:00
Inscripción: 50 Euros/curso.

Voleibol

Idades: maiores de 7 anos
Datas: do 8 de outubro ao 30 de maio
Lugar: pavillón de Barraña
Horarios: luns e mércores, das 18:00 h ás 19:30 h (dos 11 aos 14 anos), e martes e xoves das 18:00 h ás 19:00 h (dos 7 aos 10 anos)
Inscripción: Gratuíta.

Ciclismo

Idades: dos 6 aos 14 anos

Datas: do 10 de outubro ao 1 de xuño

Lugar: Praza da Boqueira de A Negral e Casa da Cultura de Boiro.

Horarios: mércores, das 19:00 h ás 20:00 h na Casa da Cultura e sábados, das 17:00 h ás 19:00 h na Praza da Boqueira de A Negral.

Inscrición: Pago licenza federativa.

Remo

Idades: a partires dos 11 anos

Datas: do 5 de outubro ao 1 de xuño

Lugar: peirao do Cabo da Cruz

Horarios: luns, mércores e venres, das 16:30 h ás 18:30 h
sábados, das 11:00 h ás 13:00 h

Inscrición: Pago licenza federativa,

Piragüismo

Idades: a partires dos 8 anos

Datas: do 6 de outubro ao 1 de xuño

Lugar: peirao de Escarabote

Horarios: **iniciación/perfeccionamento**: sábados, das 10:00 h ás 13:00 h e os martes das 17:00 ás 19:00 h.

Inscrición: Pago licenza federativa.

Baloncesto

Idades: a partir dos 6 anos

Datas: do 8 de outubro ao 1 de xuño

Lugar: C.E.I.P. Santa Baia

Horarios: según categoría, consultar horarios concretos

Inscrición: Pago licenza federativa.

Xadrez

B- Iniciación e Perfeccionamento.

Idades: maiores de 7 anos

Datas: do 9 de outubro ao 28 de maio

Lugar: Casa da Cultura “Ramón Martínez López”

Horarios: martes, das 18:15 h ás 19:30 h

Inscrición: Pago licencia federativa.

Natación

Idades: dos 8 aos 16 anos

Datas: do 1 de outubro ao 31 de xuño

Lugar: piscina de Riveira

Horarios: **Iniciación:** luns, mércores e venres, das 18:00 h ás 20:00 h

Perfeccionamento: luns, mércores e venres, das 18:00 h ás 20:00 h

Inscrición: 35 Euros/mes.

Tenis

A – Iniciación Valiño. Grupo II

Idades: a partir dos 7 anos

Datas: do 10 de outubro ao 31 de maio

Lugar: pavillón de Valiño (Cabo de Cruz)

Horarios: mércores e venres, das 17:15 h ás 18:15 h

Inscrición: 50 Euros/curso

A – Iniciación Valiño. Grupo I

Idades: a partir dos 7 anos

Datas: do 10 de outubro ao 31 de maio

Lugar: pavillón de Valiño (Cabo de Cruz)

Horarios: mércores e venres, das 18:15 h ás 19:15 h

Inscrición: 50 Euros/curso

B – Iniciación Escarabote.

Idades: a partir dos 7 anos

Datas: do 10 de outubro ao 31 de maio

Lugar: pavillón de Escarabote

Horarios: mércores e venres, das 19:30 h ás 20:30 h

Inscrición: 50 Euros/curso

C – Perfeccionamento Escarabote.

Idades: a partir dos 9 anos

Datas: do 10 de outubro ao 31 de maio

Lugar: pavillón de Escarabote

Horarios: mércores e venres, das 20:30 h ás 21:30 h

Inscripción: 50 Euros/curso

ACTIVIDADES DA ANPA:

Actividades extraescolares xornada lectiva en sesión única de mañá

Patinaxe (3-12 anos)	Pintura (Primaria)	Taekwondo (3-12 anos)	Informática (2º a 6º)	Inglés (Primaria)	Inglés (3 a 6 anos)	Piscina (3-12 anos)
Luns	Luns	Martes	Martes	Mércores	Xoves	Venres

Todas estas actividades serán impartidas por monitores especialistas e contratados para tal fin.

5. Acción Titorial

Tódolos martes haberá unha hora pola tarde de 18.00 a 19.00 horas para recibir ós pais/nais e manter con eles unha relación suficiente e periódica para informalos do proceso de aprendizaxe dos alumno/as/as e da súa asistencia ás actividades escolares.

Ó principio de curso mandaráselle unha circular ás familias informándoas de quen é o titor/a do seu fillo/a e o horario de atención.

Se por algunha circunstancia extraordinaria, debidamente xustificada, algún pai/nai non puidese vir nese horario, o respectivo titor/a trataría de establecer outro horario alternativo.

Ademais programaranse, igualmente reunións globais, cos pais por titorías, niveis ou ciclos encamiñadas a expoñer as liñas xerais do Plan Xeral Anual.

Alomenos cada titor/a, ó comezo de curso, terá unha reunión cos pais/nais onde se lles indicará cal será o calendario escolar, horarios, plan de traballo, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación.

En canto a acción titorial entendemos que a orientación e tutoría dos alumno/as é un aspecto fundamental da relación educativa.

Con carácter xeral cada profesor/titor realizará alomenos as seguintes funcións:

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a.



- Orientar ós alumno/as no seu proceso formativo.
- Informar ós pais/nais sobre a evolución persoal, integración no centro e rendemento académico do seu fillo/a.
- Informar ó equipo de profesores do grupo de alumno/as/as das características dos mesmos, sobre todo dos que presenten problemas específicos.
- Informar e asesorar ós pais/nais de cara a conseguir unha actuación coordinada centro-familia no proceso educativo.
- Cubrir os documentos oficiais de avaliación relativos ó seu grupo de alumno/as.

6. Servicio de Transporte

Sabendo que o servicio de transporte da Delegación de Educación ten que elaborar un informe referido á viabilidade ou non do horario escolar, de 9:00 a 14:00, proposto polo noso centro, estamos dispostos a modificacións se con iso facilitamos a viabilidade do servicio de transporte.

Ruta 2

ORDINARIO					
Nº Parada	Km	Alum.	Nº Parada	Km.	Alum.
CEIP ABANQUEIRO	-	-	2. Bodión	2.7	13
1. Agañán	1.2	1	3. Graso	3.0	11
Tempo: 15 Total Km: 6.9 alumno/as Infantil: 3 alumno/as Primaria: 22 TOTAL:25					

MEDIODÍA					
Nº Parada	Km	Alum.	Nº Parada	Km.	Alum.
CEIP ABANQUEIRO	-	-	2. Bodión	2.7	13
1. Agañán	1.2	1	3. Graso	3.0	11
Tempo: 15 Total Km: 6.9 alumno/as Infantil: 3 alumno/as Primaria: 22 TOTAL: 25					

Ruta 1

ORDINARIO					
Nº Parada	Km	Alum.	Nº Parada	Km.	Alum.
CEIP Abanqueiro	-	-	6 Pirixel	0.5	2
1 Fieiteira	1.8	5	7 Triñáns	0.5	8
2 Abanqueiro	0.4	23	8 Corea	0.3	3
3. A quinta	0.2	7			
4 Cruce Mañóns	0.6	3			
5 Cruce Mosqueira	0.2	1			
Tempo 12 Total Km. 3.5 alumno/as Infantil: 7 alumno/as Primaria: 45 Total: 52 (C2889AV)					

MEDIODIA					
Nº Parada	Km	Alum.	Nº Parada	Km.	Alum.
-CEIP Abanqueiro	-	-	6 Pirixel	0.5	2
1 Fieiteira	1.8	5	7 Triñáns	0.5	8
2 Abanqueiro	0.4	23	8 Corea	0.3	3
3. A quinta	0.2	7			
4 Cruce Mañóns	0.6	3			
5 Cruce Mosqueira	0.2	1			
Tempo 12 Total Km. 3.5 alumno/as Infantil: 7 alumno/as Primaria: 45 Total: 52 (C2889AV)					

Entendemos que, cara o vindeiro curso escolar, as modificacións que se produzan na configuración actual no servizo de transporte serán mínimas e virán dadas polas altas e baixas de matrícula, que imaxinamos non chegarán a ser significativas para o cómputo global.

O resto do alumnado que acuden ó centro veñen a pé ou en coches particulares, o que non incidiría para nada no servizo de autobuses da Xunta de Galicia.

7. Servizo de comedor

Continuará o comedor sempre e cando haxa suficiente número de nenos/as.

Farase este servizo dende o remate das clases ata o comezo das actividades extraescolares segundo se detalla:

De luns a xoves: de 14:45 a 16:00 horas

Venres de 13:30 a 15:30 horas.



8. Conclusións

A xeito de resumo final do presente proxecto de xornada única do CEIP Plurilingüe Abanqueiro Boiro extraemos as seguintes conclusións:

1. O proxecto cumpre coa normativa vixente no que atinxe ós horarios, tanto lectivos como de permanencia de profesorado no centro.
2. Esperamos que non existan problemas de ningún tipo no referido ó transporte escolar.
3. Esta alternativa garante o dereito á igualdade de oportunidades do noso alumnado, que, na actualidade, ve imposibilitada a súa participación en numerosas actividades por non dispor de tempo.
4. O proxecto ten a súa razón de ser e cumpre co obxectivo fundamental de todo proxecto educativo que non é outro que mellora-la formación integral do alumnado ó que vai dirixido.
5. Cremos que a xornada única xera un proceso enriquecedor porque involucra a institucións e asociacións do contorno social do neno.

En Abanqueiro, xaneiro do 2014